

Pregón Feira do Libro
Carlos Núñez
Vigo 29 de xuño de 2017

Alcalde de Vigo
Secretario Xeral de Cultura da Consellaría de Cultura
Delegado da Xunta de Galicia en Vigo
Deputado provincial de Cultura
Concelleiras e concelleiros do Concello de Vigo
Membros da Organización da Feira do Libro de Galicia
Cidadáns e cidadás de Vigo

Síntome coma se estivese dentro do mundo grande de Leviatán, lendo o Pregón desta Feira do Libro, aquí en Vigo. Neste Vigo no que están a pasar moitas cousas que viñeron sucedéndose de forma encadeada ao longo da súa historia. Dende os primeiros símbolos dos petróglifos da memoria colectiva da nosa sociedade precéltica, á caligrafía do Pergameo de Martín Códax que en poucos días regresará a Vigo. En Vigo, desde o recordo dos documentos escritos nesta vella vila de corsarios en séculos pasados, á cidade con cicatrices de ditadura e escritos de liberdade. Moitos libros foron a clave do desenvolvemento de todos os acontecementos históricos e agora, en momentos de incerteza e crise, a lectura ten que adquirir o protagonismo decisivo para transformar a sociedade...; e tamén para evadir e serenar.

Estamos neste espazo público da Porta do Sol para defender o libro impreso en papel como vínculo de consumo diario. Por iso estamos aquí, no Punto 0 de Vigo, para facer un chamamento ben diferente ao que fixo o Capitán Carreró no 36; hoxe chamamos a todos os vigueses e viguesas á gran converxencia para a lectura e á defensa da literatura da liberdade impresa. Vimos aquí a defender as mensaxes das letras e desexarlle longa vida ao libro. Aquí, desde o Punto 0 desta gran metrópole viguesa que hoxe inaugura unha nova edición da Feira do Libro de Galicia.

Esta é unha das maiores feiras do libro realizadas en Vigo. Sabedes por que? Porque o amplo sector da edición, o deseño, a imprenta e a librería vive momentos de incerteza ante a interminable crise que afecta todos os sectores produtivos da edición, e porque determinados intereses xa publicitan que os libros impresos en papel moi pronto van ser un luxo só ao alcance dun grupo selecto. Eses intereses ideolóxicos moven os seus

resortes comerciais para somerxernos na ficción de ler, a través de documentos tecnolóxicos multimodais. Queren que o lector se converta, ademais, nun lector que queda a mercé de todo o que le. Apoiamos a tecnoloxía á vez que impulsamos a súa innovación no proceso produtivo do libro, porque a cultura dixital non é inimiga da cultura literaria impresa; é o seu complemento indispensable en edicións colaborativas, pero nunca para sepultar o libro impreso en papel. O mundo lector é un elemento activo e interesado no futuro do libro, por iso ten que comprometerse máis e axudar a que o libro impreso gañe a batalla fronte aos dispositivos e as novas tecnoloxías na lectura literaria.

Comprar un libro para ler, para reflexionar, para estudar... A lectura é o único instrumento que ten o cerebro para progresar, é o sustento que fai desenvolver o noso entendemento. A cultura, a lectura, a intelixencia e a reflexión son valores absolutamente esenciais que non podemos abandonar por ningún motivo. Ao longo da nosa historia, a escritura foi unha arma de poder dos sistemas económicos e políticos. Por iso levanto a miña voz de alarma sobre o déficit de lectura na maioría da sociedade; tamén o fago sobre a intencionada falta de comunicación na nosa sociedade, porque o certo é que as persoas lectoras desenvolven máis as súas habilidades comunicativas. Xa estamos a sufrir as inquietantes consecuencias da mala aplicación da cultura dixital en diferentes aspectos da nosa vida, como a educación, o ámbito profesional ou as nosas relacións sociais. Vivimos nun universo tecnolóxico en constante conexión e, non obstante, estamos sacrificando a conversación e a empatía. De igual xeito estamos, pouco a pouco, a sacrificar a lectura do libro, moitas veces ocasionado pola mala lectura na tecnoloxía móbil. Cada vez máis as novas xeracións só len titulares. Estou a favor da conversación e a lectura, temos que falar máis os uns cos outros e ler e estudar máis. Ler máis a calquera idade. Ler máis en calquera nivel cultural. Porque a actividade de ler, que o cerebro leva a cabo con tanta naturalidade, ten repercusións no desenvolvemento intelectual. A capacidade lectora modifica o cerebro. Si, ler máis a calquera idade. Tamén hai que ler na madurez e na vellez. Ademais, o exercicio de ler cobra novo sentido ao final das nosas vidas. Neurólogos e psicólogos recomendan a lectura como método preventivo do alzhéimer ou outras enfermidades neurodexenerativas.

Por iso queremos promover o éxito da Feira do Libro, para incitar e fomentar a lectura do libro para toda a sociedade, e tamén para construír unha ponte para todos os nenos e nenas, os lectores do mañá. Familiarizar os nenos cos textos impresos en papel. Ler é un hábito, un pracer, que dificilmente se adquire na idade adulta. E a afección á lectura ten moitas posibilidades de consolidarse cando espertou na nenez.

O complexo mundo de profesionais que traballan o libro, os deseñadores, tradutores, encadernadores, impresores..., eses equipos complexos que dan forma con moderna tecnoloxía á mensaxe escrita polo autor, que non se ven pero son os que plasman o carácter editorial pola súa experiencia e coñecementos. Eses equipos de profesionais son os que están a facer realidade que o libro do futuro non sexa un ladrillo inmutable e áspero, senón un atractivo soporte literario de papel impreso. A todos eles e elas o recoñecemento do seu traballo, a súa paixón e a súa arte. É obrigado sacar á luz o papel descoñecido da muller nos oficios gráficos, por iso hai que recoñecer os nomes e a achega de relevantes mulleres vinculadas á escritura, ao universo gráfico e á arte do libro. Destacamos o noso recoñecemento ao papel da muller, nunca valorado suficientemente na constante achega escritora e desenvolvemento do mundo gráfico librario.

Os lectores de libros impresos debemos ter en consideración o papel do libreiro na actualidade e no futuro. Encontrámonos ante un cambio moi importante en canto aos costumes de compra de libros e, cada vez máis, a librería vese na obriga de ofrecer ao comprador maior valor engadido a custa do seu beneficio. O libreiro é a figura imprescindible que vai sobrevivindo á implantación das grandes cadeas, que vai soportando o impacto das novas tecnoloxías e, como toda a cadea de produción libraria, sostén sobre as súas costas a maldita crise. Estamos ante un cambio que necesita máis que nunca da análise dos expertos, porque as librerías son un dos pulmóns das cidades, alimento para a intelixencia e os sentidos. Sirvan estas palabras como universal homenaxe aos libreiros, e o noso apoio á rede de librerías co repunte de vendas do libro impreso.

A Galicia chegaron impresores e tipógrafos ambulantes alemáns, flamencos, franceses..., a través do Camiño de Santiago xa no século XVI. Moito antes chegara o segredo árabe para a fabricación do papel, converténdose esta terra nunha das máis fecundas en produción papeleira entre os séculos XVI/XVIII. Os libros son o resultado de moitos anos de experiencia, na súa forma e presentación, nos que interviñeron experimentados ilustradores, mestres de xeracións de impresores e coñecidos tipógrafos, expertos encadernadores, dos que se recolleu a linguaxe gremial recibida de boca en boca. Vigo e a súa área metropolitana ten longa historia dos numerosos mestres impresores e libreiros ambulantes ata o século XIX en que as imprentas e librerías se consolidaron, como a de Juan Compañel, o impresor de *Cantares Gallegos*, Angel de Lema impresor e fundador de Faro de Vigo, o libreiro e impresor Eugenio Krapf, os impresores Noya..., e unha longa lista de mestres e familias impresoras, editoras e libreiras que viviron o xurdimento da sociedade industrial, a

ideoloxía liberal, os cambios sociais e algúns sufriron o terror do franquismo máis recentemente. Gardamos con honra o recordo de todos os nosos mestres da fabricación e a distribución do libro e tamén polo seu compromiso social e cultural.

O libro é o sector cultural máis importante do país, por iso debe recibir máis apoio institucional, ante a perda do volume de vendas na actual crise económica, a través da edición e difusión de material promocional dos libros, así como a defensa e promoción da lingua e a lectura, xunto coa regulación do comercio e a produción dos libros de edición galaica.

Vigo é a Cidade atlántica do Automóbil...

Vigo é a Cidade mundial do Conxelado...

... Vigo é a Cidade do Libro, a quinta cidade de España que produce máis libros (Barcelona, Madrid, Sevilla, Bilbao, Vigo...) e naturalmente primeira cidade galaica da edición, ao exemplo de Maguncia a cidade alemá da nosa Fundación Gutenberg.

Diríxome ao Vigo consciente e lector para exemplificar o seu status cultural. Tamén me dirixo aos que aínda non teñen o hábito de ler, sobre todo ás persoas novas, para que logren facer da lectura un hábito de interese persoal.

Dedico este Pregón ao recordo de todos os escritores, artistas, impresores, editores, libeiros que foron perseguidos ao longo da Historia por defender a liberdade de conciencia e expresión; encarcerados, condenados polos poderes relixiosos, políticos e a insensatez humana.

O meu recoñecemento ao seu soño de liberdade e heroísmo.

Defendamos a literatura da liberdade impresa en papel...!

... Longa vida aos libros!